

# receita para facer o caldo

*Rosalía Bernárdez Riopedre*



Non lembro que sentín a primeira vez que paseei pola muralla. Nin a que me sabía o primeiro caldo que comín. Agora mesmo, só son capaz de lembrar cando comezou esta conta atrás, este día tras día lonxe de casa. Trescentos sesenta e catro días dende que o avión descendeu en Escocia.

Erguinme co corazón batendo con forza e unha inexplicable sensación de morriña. Os ollos picábanme e a cabeza dábame voltas. As miñas mans, tremendo, nerviosas, anunciábanme que algo ía ocorrer. Non obstante, non era un día fora do normal. Un domingo calquera, eses nos que adoitaba quedar na casa, quizáis durmindo, descansado da miña atarefada rutina. Un día deses nos que me mergullaría nalgún libro para non ver pasar as horas lentamente. Hoxe era un día perfectamente normal excepto por unha soa cousa, algo que non ocorría todos os días perfectamente normais. Este día, máis ca nunca, apetecíame caldo.

Eu non sei cociñar. Non máis alá da comida precociñada. Sen dúbida, podo anunciar que nunca preparei un caldo. Nunca me decatei, tampouco, do moito que lle levaba preparalo á miña nai, pero nada me detería: Repolo, cenorias, fabas, lacón...

Antes de poñer a pota ao lume, botei auga. Pechei os ollos ao escoitar a fervenza, as gotiñas caían con forza e repernicaban sobre o sólido. Case podía sentir como a brisa golpeaba a miña face, como as follas caían ao chan, levemente, tentando non ser detectadas. A rocha era áspera, estaba humedecida lixeiramente. Os pés, suspendidos no baleiro, danzaban entre o ar, coma dous bailaríns ao son da música. Ás veces pasaba xunto a min un lagartiño pequeno, de cores, e eu deixábao estar. Non quería moverme, quería pecharme no momento. O meu irmán saltaba de rocha en rocha, falaba das ondinas que vivían no pequeno lago. Eu sorría, e dicía que non eran ondinas, que eran os peixes, pequeniños, que paseaban pola auga quente, tranquilos. Quería bañarse, pero non podía, a auga fervía. Eu tamén quería meterme naquel lago de náíades e peixes. Tumbeime totalmente, a pedra raspaba, e os meus dedos acariñaron o mofo dun recuncho. Os pés caeron e a miña cabeza tocou o chan. Seguir escoitando á gotiñas de auga na súa incesable carreira gustábame. Abrín os ollos. As xemas dos meus dedos eran agora verdes. Erguinme. Ía ser noite, desvelábamo a cor alaranxada do ceo. Non quería camiñar polo bosque tralo solpor. Comecei a saltar entre as rochas para voltar á vila, coa miña familia. Entristecíame que fose o último día en Lobios. Alí, saltando coma unha cabra montesa, arrodeada de árbores milenarias e cos dedos verdes, sentinme unha deusa da natureza, só un intre.



Os dedos comezaran a tinguirse dun verde pálido, case invisible. Nunca me ocorrera ao lavar repolo. Pero é que nunca lavei repolo. Non sabía se cortalo ou botalo enteiro á auga fervente. Collín o coitelo e comecei a cortar. Vía as folliñas descompoñerse noutras máis pequenas. Non tiña xeito. Boteino todo. Non sabía se estaba a facelo ben, o único que me guiaba eran láminas verdosas que sobresaían entre o líquido transparente. Cada vez que unha desas láminas verdosas ameazaba con achegarse a min, saía correndo de novo. Isto, mesturado coa auga, fría coma o xeo, resultábame insoportábel. Levei a man á cara para quitar un pelo da boca. Tiña os dedos incrivelmente salgados. Decidín saír de alí. Os pés mergulláronse na area, e sentín as diminutas partículas apertalos con forza. Cada paso que daba, pesaban máis os pés. Cheguei á area quente e vin o conxunto de casas ao lonxe. Aínda era pola mañá, case non había xente. Tomei a decisión. Xireime e comecei a correr. Case voaba sobre o chan. Erguín os brazos e abalanceime sobre a inmensidade do océano. Enseguida fun tragada polo manto uniforme de auga con sal. Cheguei a rozar a area do fondo co peito. Pero emerxín. Picábanme os ollos, entrárame auga polo nariz e pola boca. Erguinme e comecei a cuspir desesperada. As miñas pupilas desviáronse cara o ceo. O saúdo das nubes ao pasar, e o intenso brillo do sol conxuraron un feitizo. Quedei encantada. Deixei que o aire, frío, rematase de conxelar o meu corpo. Perdín o equilibrio e caín, e flotei sobre o baleiro moito tempo. Estaba alí, por primeira vez nesas augas, e sentíame inmensamente afortunada por iso. Era coma se ascendese ao ceo, amodiño, sen présas. Pechei os ollos, cheiraba tanto a sal que queimaba. E a auga era tan fría que deixara de sentir. A Illa de Arousa conseguira que me esquecese de pensar, da auga que me arrodeaba e que deixara de escoitar á miña nai chamándome. Durante as primeiras horas do día, pouco despois da alba, eu estaba inmensamente feliz, voando sobre o mar.

O sangue é vermello. E non quedaba ningunha dúbida daquilo cando fixen un pequeno corte no meu dedo. Nunca cortara cenorias. Tentar facelo rápido, como vira facer tantas outras veces, non fora o máis axeitado. Xa deixara de doer tanto, pero eu non podía determe na miña tarefa. Botei a cenoria á pota. Gustárame ter buscado a receita antes de botarme ao tolo. Pero xa non importa. O caldo, coa inhumana cantidade desta verdura que botara, era un espectáculo de luces estrambóticas. Mais, aínda que había intensas luces alaranxadas, tamén as había azuis, verdes e vermellas. A noria de Vigo era extraordinaria. As pinguiñas de cores viaxaban ata os confíns da circunferencia, onde se perdían, ante o clamor da xente. As rúas nevadas, con millóns de pegadas conducían cara un marabilloso paseo, cuberto por farois luminosos, reloxos brillantes ou copos de neve. Deixei levar pola corrente de persoas. Non podía pensar con claridade, estabamos todos tan xuntos que o meu cerebro estaba a piques de apropiarse dos pensamentos dos demais. Entramos nunha pequena cafetería e sentamos na primeira mesa grande que atopamos. Pedimos chocolate e churros. Eu, aínda que levaba un abrigo grande, aínda tiña as fazulas e as mans frías cando traguei o primeiro sorbo. Gustoume estar alí, mentres recuperaba a temperatura normal ao son do chocolate, e tomando os riquísimos churros cubertos de azucre. Vendo dende dentro todas as cores do exterior, e as dimensións da árbore de nadal ou do boneco de neve, non puiden evitar sentirme realmente pequena.

Non deixara as fabas a remollo o día anterior. Porque o día anterior non sabía que ía facer o caldo. Así que... nada, caldo sen fabas. So me quedaba por botar o lacón. Zarrapicou ao entrar na auga. Erguín o pé amodiño tras escoitalo. Tiña o zapato enlamado. Chovera fortemente, unha das tormentas de verán ás que estabamos afeitos. Acababamos de chegar á aldea, e eu e mais o meu irmán iamos facer o habitual recorrido pola granxa.

Primeiro baixamos polo estreito carreiro ata chegar á zona dos xatos. Un deles nacera había uns días e era moi pequeno. Estaba comendo, ao carón da súa nai, que o observaba quedamente. Entramos onde os cochos. Sempre me gustara velos alí, tirándose polo chan, enlamado. Despois vimos as galiñas, cada unha no seu lugar, coma se estivesen baixo estrita supervisión. Eu mirábaas detidamente. Lembraba o emocionada que estaba o día de matalas, cando a cabeza quedaba na man da miña tía e o corpo dos animais comezaba a correr en todas as direccións. Sobrecollíame unha sensación de perplexidade. Saímos e estivemos xogando co can, a caernos ao chan e esborrallarnos alí, durante horas. Ata que volveu a chover.

Xa rematara de botar os ingredientes. Atopábame inevitablemente satisfeita conmigo mesma. Tendo en conta que era a primeira vez que cociñaba algo desas características...

Entreí ao salón mentres a comida se cociñaba. Vín un anel de acibeche negro sobre a mesiña. Collino con coidado. Aperteino con forza contra o meu peito antes de colocalo no meu dedo. Miraba dende a xanela do avión a forma da miña fermosa Galicia, case tiña ganas de chorar. Canto ía botala de menos! Lembrei á miña nai dicíndome que tiña que vivir esta experiencia e aprender. Que tiña que aproveitar ao máximo aquela oportunidade. O anel fora un agasallo. Era o seu preferido e antes que dela fora da miña avoa. Imaxineina a ela tamén, mirando pola xanela do tren había máis de corenta anos. Marchando de Galicia coma mín. Que duro era abandonar o fogar! E eu só podía contar os segundos que pasaban, e sentir como cada un deles baleiraba máis a miña alma. A sensación de escuridade no meu interior era rotunda. E, non sei por que, comecei a laiarme, de estar lonxe da casa, de non ter a ninguén ao meu carón. Desexaba parar o avión e dar a volta. Pero o Mar do Norte xa se estendía baixo a miña vista.

Chamaron á porta.

- Ola, mamá.

